

ESTATUTOS DE CONVERXENCIA 21

Titulo Preliminar

CONVERXENCIA 21 aspira a ser un instrumento ao servizo de Galicia e de todas as persoas que queren traballar na construción dun proxecto político adaptado e pensado para as necesidades e ambicións do noso País, que teñen fe no seu futuro e que confían nas súas posibilidades. Convergencia aspira a ser o punto de encontro de todos e todas as que teñan ilusión por construír unha Galiza mellor dende un pensamento autónomo e non subsidiario; dende a autoestima e non dende a falta de confianza das nosas capacidades. O punto de encontro onde converxan os homes e mulleres que queiran construír unha Galicia máis democrática e participativa, e que queiran facelo dende a integración e non dende o sectarismo, desde unha visión colectiva ao servizo do desenvolvemento das persoas, e de todos os que queiran ver unha Galiza plenamente integrada no mundo globalizado do século XXI e que crean na importancia que a iniciativa persoal ten para o logro deste fin.

Dende o punto de vista democrático non pode haber ningún límite de decisión máis ca o que o pobo galego, voluntariamente, queira definir para o seu marco xurídico e político. Apostamos por un aprofundamento do autogoberno de Galicia e polo recoñecemento da realidade plurinacional de España, que poida, nun futuro próximo, adoptar a fórmula xurídica dunha confederación.

A seguir preséntase unha definición ideolóxica base que se desenvolverá e concretará nas condicións que dispoñan os sucesivos congresos do partido. Convergencia 21 é unha forza política que se define como galeguista, europeísta, democrática, liberal no social e no económico, con sensibilidade social, aconfesional, e que ten como obxectivo a defensa dos intereses colectivos de Galiza co fin de xerar as mellores condicións para o desenvolvemento individual dos seus habitantes.

Convergencia 21

a) Confía plenamente na Democracia, na Liberdade e nos Dereitos Humanos. A Democracia é o mellor sistema para garantir as liberdades individuais, a convivencia, o benestar e a prosperidade, e por iso a nosa sociedade debe fortalecela e traballar na súa continua profundización.

b) Cre que a mellor maneira para fortalecer unha sociedade vertebrada e próspera é potenciar a economía de mercado e a libre competencia. Un sistema económico respectuoso co contorno natural que incentive o esforzo e a creatividade, auténticos xeradores de traballo, riqueza e benestar. Ademais recoñece o papel que a libre empresa e o fomento do espírito emprendedor deben xogar no progreso e dinamismo do País.

c) Acredita na potenciación da identidade de Galicia para alcanzar un marco no que a cidadanía galega poida desenvolver ao máximo as súas potencialidades individuais.

d) Defende o plurilingüismo como valor estratéxico cultural e económico e considera que a lingua galega, propia de Galiza, debe ter a mesma consideración xurídica que a outra lingua co-oficial, o castelán. Considera tamén a igualdade de dereitos dos galego-falantes. Ademais, o partido resalta a necesidade de aproveitar as enormes vantaxes da gran afinidade lingüística cos países de fala portuguesa.

e) Atribúe á sociedade civil galega un rol central no desenvolvemento económico e social do País.

f) Defende un ensino e unha sanidade de acceso universal e de calidade como elementos de vertebración básicos da sociedade e como garantes da igualdade de oportunidades.

g) Considera que as institucións deben promover a integración e fortalecer a igualdade de oportunidades das persoas en condicións desfavorábeis. Ademais deben garantir a dignidade e a calidade de vida dos dependentes e protexer a natalidade e a familia no sentido máis amplo e heteroxéneo da palabra.

h) Cre que cómpre acadar un crecemento respectuoso co medio natural e desenvolver políticas que melloren e preserven este patrimonio para as xeracións futuras.

i) Recoñece o papel positivo que xogou a Constitución Española de 1978 e constata que está ao servizo da cidadanía, mais acha que pode ser reformada en función dos intereses e preferencias da cidadanía española e galega.

l) Aposta por unha reforma que simplifique e reforce a administración local, pola profundización e ampliación do autogoberno de Galicia, polo recoñecemento da realidade plurinacional de España e pola consolidación do proxecto común europeo.

Título I. Dos principios do partido

Artigo 1. Convergencia 21 (C 21) estrutúrase e organízase como partido sobre os principios de democracia interna, de participación e de disciplina nas decisións do partido.

Artigo 2. O galego é a lingua oficial de Convergencia 21. Toda a súa comunicación oral e escrita, tanto interna como externa, deberá ser neste idioma. Como partido de inspiración liberal a lingua na que falen os nosos afiliados na súa vida privada non é da nosa incumbencia.

Artigo 3. O ámbito territorial de actuación de Convergencia 21 é o da Comunidade Autónoma de Galiza. Ademais, o partido organizarase no exterior de Galicia nas agrupacións que determine a executiva nacional.

Artigo 4. Será a executiva nacional a encargada de determinar a sede social do partido. En todo caso, a pretensión é que a sede estea localizada en Santiago de Compostela

como capital do noso País. A executiva nacional tamén poderá modificar a sede social, o logotipo do partido así como establecer as delegacións, dependencias e oficinas que o funcionamento do partido requira.

Título II. Da afiliación a Convergencia 21

Capítulo I. A afiliación

Artigo 5.

1. Para facer parte de Convergencia 21 serán condicións indispensábeis:

- a) Aceptar os principios xerais.
- b) Actuar conforme aos estatutos.
- c) Observar a disciplina do partido.
- d) Non estar afiliado en ningún outro partido político. Ao asinar a ficha de afiliación de Convergencia 21 asínase tamén este compromiso.
- e) Estar ao corrente do pago domiciliado da cota mínima fixada pola executiva nacional, sen prexuízo das excepcións que se determinaren.
- f) Ter dezaoito anos cumpridos.
- g) Formular a solicitude formal de ingreso no partido.

2. A condición de afiliado adquirese por medio da inscrición no censo respectivo cumprindo cos deberes establecidos para cada figura nos presentes estatutos.

Artigo 6. Da solicitude de afiliación.

1. A solicitude de afiliación terá que formalizarse cumprimentando a ficha de afiliación.

2. A admisión en Convergencia 21 é automática logo da recepción da solicitude de afiliación. A comisión de afiliación examinará periodicamente as novas altas para confirmar que se cumpren os puntos recollidos no artigo 5 e tramitar a afiliación con carácter definitivo.

Artigo 7. Os afiliados teñen os seguintes dereitos:

- a) A participaren no congreso, directamente ou a través dos seus delegados, na forma que estipule a executiva nacional para cada congreso.
- b) A participaren na vida política e nas actividades que organice Convergencia 21 en todos os niveis previstos neste estatuto.

- c) A defenderen as súas opinións con voz e con voto nas reunións dos órganos a que estean adscritos e na forma que se estableza regulamentariamente, cos límites do respecto á dignidade das persoas, así como ás resolucións e acordos democraticamente adoptados polos órganos do partido, no marco das súas competencias estatutarias.
- d) A exercerem o dereito a elixir e ser elixidos, cos requirimentos regulamentarios pertinentes, para cargos internos ou de representación política. Será condición necesaria para exercer este dereito o estar ao corrente na cotización.
- e) O dereito ao control político dos seus elixidos e responsábeis, baseado nunha información veraz, na libre expresión, o respecto ás persoas e a suxeición ao lugar e tempo regulamentariamente establecidos.
- f) A recibiren e demandaren información plural sobre a actividade de Convergencia 21.
- g) A elevaren consultas e propostas aos diferentes órganos de Convergencia 21.
- h) A recibiren formación que lles axude a desenvolver mellor a súa actividade política.
- i) A recibiren, por parte do partido, asistencia técnica ou xurídica na defensa dos actos que derivaren do correcto exercicio dos seus cargos electos, presentes e pasados.
- l) O dereito á protección externa polo propio partido fronte aos ataques inxustos e, interna, mediante a actuación imparcial e equitativa dos órganos competentes.
- m) O dereito á utilización de medios materiais e humanos da organización para o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos, coa correspondente autorización dos órganos executivos da instancia de que se trate.
- n) A impugnar os acordos dos órganos do partido que estimen contrarios á lei e aos estatutos.

Artigo 8. Os afiliados teñen os seguintes deberes:

1. De carácter xeral:

- a) Respectaren os principios básicos e os estatutos, así como os acordos validamente adoptados polos órganos de Convergencia 21.
- b) A contribuíren ao esforzo colectivo de toda a organización para a consolidación dos seus obxectivos programados.
- c) A solidariedade material e moral co resto dos militantes da organización, o respecto ás súas opinións e posicións, ás súas persoas e a obrigada colaboración con todos eles.
- d) A renderen contas do traballo feito, en tanto que cargos internos e públicos, perante o órgano que corresponda pola súa función ou adscrición territorial.

e) A desenvolveren, de acordo coas posibilidades persoais, unha actividade continua dedicada aos obxectivos do partido. Procuraren difundir os obxectivos e a actividade do partido co fin de que outros cidadáns os coñezan, de que os compartan e de que se comprometan con Convergencia 21.

f) A participaren activamente nos procesos electorais, cun interese destacado na colaboración para o servizo cívico de interventor.

g) A asistiren ás reunións dos grupos territoriais, sectoriais ou de traballo aos cales estean adscritos, e levaren a termo as tarefas asignadas ou asumidas.

h) A gardaren discreción nas materias reservadas.

i) A manteren unha conduta ética no seu comportamento e na acción política.

l) A pagaren a cota. Serán determinadas regulamentariamente as excepcións que procedan.

2. De carácter específico:

a) A afiliación que ocupe cargos de representación ou de elección no partido deberá asistir a todas as reunións a que sexa convocada por razón do cargo.

b) A afiliación que ocupe cargos de responsabilidade pública e de confianza política, en especial os cargos electos con dedicación exclusiva, deberán ter formación. O comité executivo a que pertenzan será responsábel da súa coordinación.

Considerarase como un valor engadido para aqueles militantes que opten a cargos de responsabilidade, tanto pública como de representación interna, que participasen nas institucións cidadás.

Artigo 9. A condición de afiliado perderase:

a) Por vontade propia e logo de comunicalo por escrito.

b) Como resultado de expediente disciplinario de acordo coas normas correspondentes establecidas no título V.

c) Por impagamento das cotas durante seis meses.

d) Por presentarse nunha lista electoral por calquera opción ou candidatura que compita con aquelas que presente Convergencia 21.

Capítulo II. Os simpatizantes

Artigo 10. A executiva nacional poderá dispor dun rexistro de simpatizantes aos que se lles informará das actividades do partido. Ademais, a executiva nacional poderá recadar

a opinión dos simpatizantes en procesos de decisión interno, cando así o considere necesario.

Título III. Órganos de encadramento, actividade e participación

Capítulo I. Normas xenéricas

Artigo 11. Cada afiliado intégrase nunha agrupación local no caso de que estea constituída.

Artigo 12. Dentro dos corenta e cinco días naturais posteriores á celebración dun congreso ordinario terán que ser renovados todos os cargos electos do partido. En todo caso, teranse que facer eleccións nos corenta e cinco días seguintes de se producir a vacante dun cargo unipersoal. Todos os procesos electorais dentro de Convergencia 21 serán feitos de acordo co regulamento básico de eleccións.

Artigo 13. Todas as eleccións de cargos unipersoais serán secretas.

Artigo 14. Nas eleccións internas das agrupacións locais poderanse votar os comités ou secretarios de xeito conxunto, se todas as candidaturas presentadas teñen esta forma, ou cargo a cargo, se algún dos afiliados a nivel individual se postulase para un deses cargos.

Artigo 15. Un afiliado non pode tomar posesión do cargo para o cal foi electo sen notificalo previamente á executiva nacional. A persoa cesante debe exercer as funcións propias do cargo até que o acto da toma de posesión teña lugar ou até que pasen dous días desde a elección de quen a substitúa.

Artigo 16. Para a destitución ou separación de calquera afiliado que ocupe un cargo electo dos comprendidos dentro deste título, requírese da presentación previa dunha moción razoada de destitución, coa sinatura no mínimo dun 20% do censo correspondente, alén da maioría absoluta dos votos da militancia presente na asemblea. Se a moción non obtivese os votos necesarios, non poderá repetirse até seis meses despois. Cando se produce a dimisión, destitución ou separación da presidencia dun comité executivo, os membros do mencionado comité, electos a proposta súa, cesarán. Os membros de todos os órganos colexiados de Convergencia 21 que figuren nos presentes estatutos, representen o ámbito ou institución que representen, deberán ser afiliados do partido.

Artigo 17. Os órganos colexiados executivos reuniranse como mínimo cada mes; as asembleas locais de afiliados reuniranse como mínimo semestralmente. Ambos órganos poderanse reunir de maneira extraordinaria sempre que o decida a presidencia ou o demande a quinta parte dos seus compoñentes.

Artigo 18. É obrigatorio levantar acta de todas as xuntanzas. Os acordos tómanse por maioría simple, agás nos casos onde, estatutariamente, se establezan quórumos ou maiorías especiais.

Artigo 19. A dirección do partido ten que dispor dos medios necesarios para realizar as súas tarefas. A dirección e os outros órganos colexiados executivos terán que redactar planos de acción para impulsar, coordinar e optimizar a súa actividade.

Capítulo II. Organización territorial

A. As agrupacións locais

Artigo 20. O núcleo territorial básico da militancia é a agrupación local, organizada en base aos concellos. Os militantes que pertencen a concellos onde non se poida artellar unha agrupación, poderán colaborar mutuamente coas agrupacións veciñas co fin de gañar en operatividade, no caso de estimarse conveniente por parte da executiva nacional, e mentres que esa precariedade numérica se manteña. Ademais, existirán agrupacións na emigración, coas adscricións que determine a executiva nacional.

Artigo 21. Cada agrupación local terá un secretario local coas funcións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 22. As agrupacións locais poderanse constituír cun mínimo de cinco membros. Unha vez constituída a agrupación local, deberá contar cos seguintes órganos:

a) Asemblea local

A asemblea local está constituída por toda a afiliación adscrita da localidade, e a ela corresponde:

- a) Elixir o secretario local e, por proposta deste, o comité executivo local.
- b) Ratificar ou desautorizar a actuación do secretario local ou do comité executivo local.
- c) Avaliar o traballo do partido, especialmente no seu ámbito de actuación territorial.
- d) Aprobar o programa electoral municipal.
- e) Avaliar o traballo do grupo municipal.
- f) Elixir as persoas delegadas para o congreso que corresponda.
- g) Aprobar os candidatos que correspondan ás eleccións municipais.

b) Comité executivo local

O comité executivo local está formado polo secretario local e o equipo de persoas oportuno para o desenvolvemento das tarefas propias da agrupación local. Tamén fai parte do comité executivo local a persoa que exerza de voceiro do grupo municipal do concello, sempre que for afiliado de Convergencia 21 e, se este non for o caso, outra

persoa que for afiliado e tiver a condición de membro do grupo municipal. Son membros natos do comité executivo local as persoas que posúan a condición de membros da executiva nacional.

O comité executivo local é o máximo órgano permanente de acción política no nivel municipal. No seu ámbito é directamente responsábel da organización e administración do partido.

Correspóndelle ao comité executivo local:

- a) Representar, organizar, coordinar e dinamizar o partido no seu ámbito de actuación territorial.
- b) Executar os acordos da asemblea local.
- c) Proporlle accións políticas á asemblea local.
- d) Apoiar os seus concelleiros, coordinando a súa actuación coa do grupo municipal.
- e) Recoller sistematicamente as propostas, iniciativas e estudos, aplicándoos á acción política municipal ou incluíndoos no seguinte programa municipal.
- f) Facer o seguimento do cumprimento do programa electoral municipal.
- g) Facer o seguimento e a execución das campañas electorais no seu ámbito de actuación territorial.
- h) Consultar os diferentes órganos regulamentarios de Convergencia 21 naquelas cuestións en que os seus coñecementos específicos poidan ser de interese.
- i) Organizar cursos de formación para a militancia e cargos públicos.
- l) Recibir e transmitir información do partido e da política xeral desde a base á dirección e viceversa.
- m) Recoller as iniciativas, suxestións e críticas da afiliación e da sociedade no seu ámbito de actuación territorial.
- n) Realizar actividades para dar a coñecer o partido á cidadanía, así como facela participar das actividades que foren feitas.
- ñ) Reunirse periodicamente cos compoñentes da lista municipal.
- o) Tramitarlles aos órganos superiores do partido aqueles acordos tomados polo propio comité ou asemblea local en asuntos que non estean ao seu alcance. Tamén aquelas iniciativas, suxestións e críticas recibidas da militancia e de persoas simpatizantes en asuntos que sobrepassen o propio ámbito municipal.

A executiva nacional facilitará, a través dunha función específica, a coordinación das distintas agrupacións locais e, nomeadamente, facilitará á afiliación que non estea

integrada nunha agrupación local recursos para recibir e transmitir información do partido e da política xeral desde a base á dirección e viceversa; recoller as iniciativas, suxestións e críticas da sociedade no seu ámbito de actuación persoal, e realizar actividades para darlle a coñecer o partido á cidadanía.

B. As comisións coordinadoras do distrito electoral

Artigo 23. Con motivo da convocatoria de eleccións autonómicas e xerais a executiva nacional poderá nomear para cada distrito electoral unha comisión coordinadora.

Título IV. Órganos centrais de representación e dirección

Capítulo I. Dos órganos do partido

Artigo 24. A representación, administración, xestión e dirección política de Convergencia 21 é ostentada polos seguintes órganos:

- O congreso
- A executiva nacional
- As comisións permanentes
- A secretaría xeral
- A presidencia de honra

Artigo 25. A máxima representación da vontade de Convergencia 21 é ostentada polo congreso, composto polos compromisarios que representarán a militancia do partido.

Artigo 26. Correspóndelle ao congreso:

- a) Elixir os membros da executiva nacional.
- b) Aprobar o informe de xestión da dirección saínte e debater e aprobar os relatorios.
- c) Ratificar os pactos orgánicos.
- d) Aprobar ou modificar os estatutos.
- e) Decidir no tocante ás propostas de federación, fusión e disolución do partido.
- f) Elixir a proposta da executiva nacional ao presidente do partido.

Artigo 27. O congreso terá que celebrarse como mínimo cada trinta meses. A convocatoria será feita cunha antelación mínima de corenta días naturais, a proposta da executiva nacional. Se for pedido pola metade dos afiliados, o congreso será convocado con carácter extraordinario nun prazo máximo de trinta días e cunha orde do día limitada aos temas para os cal foi feita a convocatoria. Os acordos do congreso serán por maioría simple, agás nos puntos referidos á fusión, coalición, federación ou disolución do partido.

O primeiro acordo de cada congreso será a elección do presidente e o secretario do congreso a proposta da executiva nacional saínte.

Artigo 27 bis.

1. As candidaturas que se presenten á executiva nacional deberanse enviar á seguinte dirección de email caixadecorre@converxencia.eu, á atención do secretario de organización, asinadas por todos os seus integrantes axustándose ás condicións estipuladas no artigo 28 dos estatutos, e dende a convocatoria do congreso e cunha anterioridade mínima de 15 días á prevista á celebración do congreso.

2. Dende a convocatoria do congreso e até 16 días anteriores á celebración do congreso, calquera afiliado, ou grupo de afiliados, poderán presentar relatorios sobre a temática que desexaran, remitíndoos asinados ao enderezo caixadecorre@converxencia.eu.

3. Os relatorios presentados serán comunicados aos afiliados cunha antelación de 15 días á celebración do Congreso. Calquera afiliado poderá presentar emendas antes de 7 días do inicio do Congreso. O texto da emenda, que se remitirá ao enderezo caixadecorre@converxencia.eu, sinalará a parte que desexa suprimir e propoñerá unha nova redacción. As que se presenten fóra de prazo non se terán en conta.

4. Formuladas as emendas, os autores dos relatorios avaliarán a posibilidade de incorporalas á redacción dos relatorios que presentarán ao Congreso.

5. Os autores dos relatorios poderán, rexeitar ou transaccionar a emenda.

6. Se se acepta unha emenda presentada por un afiliado, os autores incorporan o proposto ao relatorio que presentarán a votación no congreso.

7. Se se rexeita unha emenda presentada por un afiliado, o afiliado poderá explicala antes de ser sometida a votación no congreso.

8. Se unha emenda é transaccionada, os autores do relatorio e da emenda farán unha nova redacción da emenda presentada para incorporala ao relatorio.

9. O secretario de organización fará públicos os relatorios definitivos con 48 horas á celebración do congreso.

10. Os afiliados poderán dirixir a cada unha das executivas candidatas cuestións sobre aspectos das súas propostas e aspectos xerais organizativos do partido, para que sexan contestadas por un portavoz de cada candidatura.

11. As preguntas que se queira que sexan contestadas no congreso deberán formularse con 48 horas de antelación á celebración do Congreso, remitíndoas ao enderezo electrónico caixadecorreio@converxencia.eu. O resto das preguntas serán respondidas no prazo de 15 días ao afiliado que as formulou pola executiva entrante.

12. Durante o congreso o presidente organizará as intervencións e o secretario tomará acta de todo o sucedido, e fará un resumo das intervencións producidas.

Capítulo II. Da executiva nacional

Artigo 28.

1. A executiva nacional é o órgano de execución emanado do congreso. Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A dirección do partido conforme ao sinalado no congreso.
- b) A representación do partido en todos os ámbitos legais.
- c) A representación común do partido.
- d) Convocar, no caso de se estimar oportuno, a conferencia política como órgano de debate entre congresos do partido.

2. A executiva nacional está composta polos membros que o congreso elixa, en lista pechada e bloqueada, e nun número non inferior a cinco.

3. A executiva nacional estará composta necesariamente por:

- Secretario xeral
- Secretario de organización
- Secretario de finanzas
- Presidencia de honra

Así mesmo, poderán formar parte da executiva nacional integrantes que desenvolvan todas ou parte das funcións descritas no artigo 33.

4. Correspóndelle aos candidatos á secretaría xeral de cada congreso especificar na lista que presenten a correspondencia destas ou outras funcións que consideren necesario cubrir coas persoas que integren a lista á executiva nacional.

5. No caso de que durante a vixencia do mandato se produciran baixas por falecemento, enfermidade grave, traslado de residencia fóra de Galiza ou cesación forzosa ou voluntaria, o plenario da executiva nacional, a proposta do secretario xeral, poderá nomear para substituír a baixa producida a outra persoa allea á executiva nacional, que

pasará a formar parte da executiva. Tal facultade so poderá exercitarse en tres baixas como máximo durante cada mandato.

Artigo 29.1. O plenario da executiva nacional, formado por todos os seus integrantes, reunirse, como mínimo, unha vez por mes con carácter ordinario, ou con carácter extraordinario se así for solicitado polo secretario xeral ou pola maioría dos seus membros, por medio dun escrito motivado que inclúa a orde do día da xuntanza.

2. A executiva nacional poderá crear no seu seo comisións que estarán formadas por tres dos seus membros, e que estarán encargadas de tomar aquelas decisións urxentes e inaprazábeis entre as reunións do pleno da executiva nacional, e aquelas outras encomendadas polos presentes estatutos ou que lle sexan delegadas pola executiva nacional.

3. Sen prexuízo de que o plenario da executiva nacional decida crear máis comisións no seu seo, conformaranse as seguintes:

a) **Comisión executiva permanente**, encargada de todas as decisións urxentes e inaprazábeis entre dúas reunións do plenario da executiva nacional. Estará formada polo secretario xeral, secretario de organización e o secretario da executiva, ou outro membro da executiva nacional designado por esta.

b) **Comisión disciplinaria**, encargada da dirección e tramitación dos expedientes informativos e disciplinarios e medidas cautelares, a impoñer a afiliados. Estará formada polo secretario de organización, o secretario de comunicación interna, e por outro designado pola executiva nacional.

c) **Comisión económica**, encargada da dirección económica e financeira do partido baixo o control da executiva nacional. Estará formada polo secretario de finanzas, secretario de compras e secretario de eventos, ou outro designado pola executiva nacional.

d) **Comisión de afiliación**, encargada do impulso, expansión e afiliación ao partido. Tamén se encargará do estudo e admisión das novas altas no partido. Estará formada polo secretario de expansión, secretario de afiliación e secretario de comunicación interna, ou outros membros da executiva nacional designados por esta.

e) Independentemente das reunións presenciais ou a distancia que se estimen oportunas, as deliberacións das comisións teñen que comunicarse do xeito máis transparente e inmediato posíbel a todos os membros da executiva.

4. O plenario reunirse normalmente o último sábado de cada mes e no lugar en que o determine o propio plenario na súa reunión inmediatamente anterior, que tamén poderá variar o día da reunión. Será presidida polo secretario xeral, e levantará acta o secretario de organización. A orde do día será fixada polo secretario de organización a proposta de calquera dos membros da executiva, e será sometida a discusión, e deliberación e acordo no plenario da executiva, podendo tomar a palabra os seus membros para defender os seus puntos de vista. Os acordos adoptaranse por maioría simple, e no caso de empate, por voto de calidade do secretario xeral.

Capítulo III. Da presidencia.

Artigo 30.

1. A presidencia do partido é un cargo de honra, que deberá ser ocupado por aquela figura na que se conciten indubitados méritos a prol do partido.
2. A presidencia do partido elíxese por maioría absoluta do congreso do partido a proposta motivada da executiva nacional, e o seu cargo será indefinido, até que cese voluntariamente, faleza ou sexa revogado o seu nomeamento de xeito unánime pola executiva nacional, ou polo congreso, a proposta motivada da executiva.
3. O presidente do partido colabora co secretario xeral nas funcións que este ou a executiva nacional poidan delegar nel, e poderá asistir ás xuntanzas da executiva nacional con voz e sen voto ás que deberá ser convocado, e será informado dos acordos e deliberacións da executiva nacional.
4. No caso de dimisión, destitución ou desaparición física do presidente, o cargo queda vacante até que nun novo congreso se poida elixir un cos requisitos do parágrafo 2º.

Capítulo IV. Da secretaría xeral

Artigo 30 bis. Corresponde á secretaría xeral:

- a) A dirección das funcións executivas do partido marcadas polo congreso e a executiva nacional.
- b) As funcións de xestión do partido, que poderá delegar nos membros da executiva.
- c) A representación pública e xurídica en toda clase de actos e contratos para a realización dos acordos da executiva nacional.
- d) En caso de empate nas deliberacións da executiva nacional, o secretario xeral disporá dun voto de calidade.

Capítulo V. Da secretaria de organización

Artigo 31. Corresponde ao secretario de organización colaborar co secretario xeral en todas as súas funcións, e substituílo en caso de ausencia. Corresponde tamén a asistencia, impulso e apoio aos comités executivos locais, velar polo cumprimento do estipulado nos estatutos nos procesos de afiliación, baixas e traslados. No caso de non ter nomeado un secretario de afiliación asumirá ditas funcións.

Capítulo VI. Da secretaría de finanzas

Artigo 32. Corresponde ao secretario de finanzas:

- a) O mantemento ordenado do estado fiscal do partido.
- b) A custodia, protección e xestión do acceso ás contas financeiras do partido, en colaboración co secretario xeral.
- c) A dilixente organización e busca de novos medios de financiamento do partido, e proposición para o seu estudo e aprobación pola executiva nacional.

Capítulo VII. Das outras secretarías e as súas funcións

Artigo 33. Correspóndelle ao secretario xeral distribuír as funcións e competencias da súa executiva entre os seus membros. Estas funcións deberanse recoller por escrito e actualizar na web do partido para facilitar a participación e a comunicación interna.

Título V. Do réxime disciplinario

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 34.

1. As disposicións deste título serán de aplicación a toda a militancia de Convergencia 21.
2. Se existira un procedemento penal aberto por accións sancionábeis segundo os presentes estatutos, os órganos competentes do partido poderán acordar a incoación dun expediente disciplinario, a súa suspensión durante o tempo que dure o procedemento xudicial, ou a adopción das medidas cautelares que acorde a executiva nacional, que será compatíbel co expediente disciplinario.
3. O órgano competente do partido, diante dun feito que puidera ser constitutivo dunha falta, poderá tomar calquera das seguintes tres decisións:
 - a) A incoación dun **expediente disciplinario**, cando concorran todas as características propias dunha falta e haxa indicios para atribuírla a un militante concreto.
 - b) A incoación dun **expediente informativo**, ou información interna cando no feito non concorran todas as características propias dunha falta ou non haxa indicios para atribuírla a un militante concreto.

c) A adopción de **medidas cautelares**, que se adoptarán anexas a un expediente disciplinario ou informativo, ou con independencia da incoación dun deses procedementos.

Artigo 35.

1. A potestade disciplinaria para as faltas graves e moi graves correspóndelle á comisión disciplinaria da executiva nacional.

2. Os comités locais terán esa facultade para as faltas leves.

3. No caso de que a falta se producise nun congreso, asemblea ou xuntanza dun órgano colectivo, a presidencia da asemblea ou xuntanza tomará a decisión que corresponda para restituír a orde da xunta podendo expulsar ao militante afectado, e sen prexuízo da incoación do procedemento sancionador pertinente.

4. A efectos de notificacións, considerarase domicilio do afiliado aquel que conste no censo oficial do partido.

Artigo 36.

1. O órgano competente resolverá o arquivo das actuacións cando constate que a infracción prescribiu. As faltas leves prescribirán aos 3 meses, as graves aos 9 meses e as moi graves aos 18 meses de terse cometido ou de que o órgano competente tivera coñecemento da mesma.

2. Como criterios de gradación teranse en conta:

- A existencia de intencionalidade.

- Os prexuízos causados aos intereses do partido.

A reincidencia no suposto de que o afiliado xa fora sancionado disciplinariamente por outra falta de igual ou maior gravidade ou por dúas ou máis de inferior gravidade.

Capítulo II. Das faltas e das sancións

Artigo 37.

1. As faltas clasificaranse en moi graves, graves e leves.

2. A sanción de suspensión de militancia ou inhabilitación para desempeño de cargo orgánico por falta grave ou moi grave por un período superior aos 12 meses conlevará a perda definitiva de calquera cargo orgánico que se ostente.

3. A expulsión do partido conlevará, en todo caso, a perda dos cargos públicos dependentes do partido que ostentase o sancionado.

Artigo 38.

1. Son faltas moi graves as seguintes:

- a) O incumprimento dos deberes que imponen os estatutos, os regulamentos e as decisións dos órganos do partido.
- b) A negación pública e explícita dos principios e finalidades do partido, especificadas nestes estatutos.
- c) A afiliación a outro partido político, ou a integración oficial na lista electoral doutro partido ou coalición.
- d) A votación, en casos de investidura ou censura de cargos públicos, en contra do sinalado pola executiva nacional do partido, e sempre despois de que na decisión da executiva nacional sobre o voto se escoitasen as opinións dos representantes locais do partido.
- e) A falta de probidade e honradez no desempeño de calquera cargo público ou orgánico, así como os derivados da irregular administración dos fondos do partido ou da Administración.
- f) O abandono polo afiliado do cargo público para o que fora designado ou elixido sen a previa autorización do órgano competente do partido.
- g) Desempeñar cargos públicos sen a autorización expresa dos órganos competentes do partido.
- h) A utilización do nome do partido para lucro persoal.
- i) A reincidencia en dúas ou máis faltas graves no mesmo ano.
- l) A comisión de delitos incompatíbeis co decoro da imaxe pública do partido.

2. As sancións para as faltas moi graves serán algunha ou algunhas das seguintes:

- a) Suspensión temporal do cargo de elección que ostente dentro do partido durante máis de 18 meses.
- b) Cesamento do cargo de elección que ostente, durante máis de 18 meses.
- c) Suspensión dos dereitos de militancia no grao que se determine durante máis de 18 meses.
- d) Expulsión do partido.

Artigo 39.

1. Son faltas graves as seguintes:

- a) Faltar ao respecto aos compañeiros do partido de xeito ostentoso ou inxustificado.
- b) Calquera comportamento que menoscabe o prestixio e a imaxe pública do partido cando se produza con publicidade ou teña transcendencia notoria.
- c) A privación a outras persoas afiliadas, por acción ou por omisión, dos seus dereitos de voto, asistencia aos actos do partido e participación nas actividades de militancia sen a previa resolución do órgano competente
- d) A falta de solidariedade manifestada publicamente en contra das decisións ou actitudes adoptadas polos órganos competentes do partido.
- e) A obstrución ao labor e decisións dos órganos do partido.
- f) A retención de documentación que impida a execución dos acordos tomados polos órganos do partido, ou que impida ou dificulte o exercicio das accións que entablen os afiliados en defensa dos seus dereitos ou interese do partido.
- g) O establecemento de contactos non autorizados pola executiva nacional con outros partidos que poidan menoscabar a credibilidade externa de Convergencia 21 co conseguinte dano á súa influencia social e política.
- h) Menoscabar a imaxe dos cargos públicos ou institucións converxentes.
- i) A actuación en contra de acordos expresamente adoptados polos órganos de dirección do partido.

2. As sancións para as faltas graves serán algunha ou algunhas das seguintes:

- a) Suspensión temporal do cargo de elección que ostente o afiliado dentro do partido, durante máis de 2 meses e até 18 meses.
- b) Cesamento do cargo de elección que ostente o afiliado dentro do partido, durante 2 meses e até 18 meses.
- c) Suspensión dos dereitos de afiliación no grao que se determine.

Artigo 40.

1. Son **faltas leves** as seguintes:

- a) A ausencia de asistencia a unha xunta dos órganos de dirección do partido sen causa xustificada.
- b) Alterar a orde das xuntas.
- c) O insulto persoal a outro afiliado, tendo en conta as circunstancias de lugar, natureza e ocasión na que se produzan e sempre que non revistan gravidade.

2. As sancións para as faltas leves serán algunha ou algunhas das seguintes:

- a) Amoestación verbal ou escrita.
- b) Expulsión da xunta.
- c) Suspensión de militancia até 2 meses.

Capítulo II. Expediente informativo

Artigo 41. Expediente informativo.

1. Con anterioridade á iniciación do expediente disciplinario, a comisión executiva permanente da executiva nacional poderá abrir un expediente informativo co fin de determinar se concorren as circunstancias que xustifiquen a súa incoación.
2. Nomearase un instrutor co fin de recadar toda a información respecto aos feitos acaecidos. Se o procedemento se inicia mediante denuncia, o instrutor encargado da información reservada poderá realizar as funcións de mediador co fin de que as partes se aveñan a unha avinza. No suposto que non houbera avinza, ou unha vez achegadas as probas oportunas, o instrutor porá en coñecemento da comisión executiva permanente todas as actuacións realizadas, que adoptará a decisión de incoar o expediente disciplinario ou archivar a causa.

Capítulo III. Das medidas cautelares e expulsión provisional.

Artigo 42. Expulsión sumaria.

1. Caberá a expulsión do partido acordada pola comisión permanente da executiva nacional cando se produzan os seguintes supostos:
 - a) A integración oficial dun afiliado na lista electoral doutro partido.
 - b) Subscrición ou apoio de moción de censura con outro partido ou coalición a iniciativa propia, contra alcaldes ou alcaldesas ou outros cargos electos nas listas de Convergencia 21.
 - c) Subscrición ou apoio de moción de censura en contra de acordo expresamente adoptado polos órganos directivos do partido.
2. O plenario da executiva nacional adoptará a medida de ratificar, rexeitar ou modificar a decisión tomada pola comisión permanente na seguinte reunión que celebre aínda cando non figure na orde do día. No caso de ratificar tal medida, acordará así mesmo a incoación do correspondente expediente disciplinario.

Artigo 43. Da suspensión cautelar de afiliación.

1. A comisión permanente da executiva nacional pode suspender cautelarmente de militancia aos afiliados sometidos a expediente ou que foran denunciados por un órgano do partido en calquera momento do procedemento, ben de oficio, ou a instancia do órgano instrutor ou do denunciante.
2. En caso de suspensión previa, deducirase da sanción o tempo transcorrido desde a aplicación da interrupción de dereitos.
3. A suspensión de afiliación deixa sen efecto os dereitos aos que fai referencia o artigo 7 e os deberes contemplados no artigo 8 dos presentes estatutos.

Capítulo IV. Finalización do período de sanción.

Artigo 44. Da finalización da sanción.

Unha vez cumprida a sanción, o comité disciplinario da executiva nacional procederá automaticamente a rehabilitar nos seus dereitos ao afiliado no comité local no que militaba no intre da suspensión, informando ao militante e ao secretario local correspondente.

Artigo 45. Do reingreso dos expulsados.

1. As persoas que foran sancionadas coa expulsión e desexen reingresar ao partido, poderán solicitalo á executiva nacional ou ao comité local correspondente, que, en todo caso elaborará un informa favorábel ou non ao reingreso que será enviado á executiva nacional, que no prazo de 60 días ditará a definitiva resolución.
2. Os antigos afiliados que foran baixa voluntaria poderán regresar ao partido mediante a súa nova solicitude de afiliación conservándose a antigüidade da súa primeira afiliación.

Capítulo V. Das baixas forzosas.

Artigo 46. Da baixa forzosa.

Cando a baixa sexa motivada polo cumprimento dunha obriga que supoña incompatibilidade legal de militancia nun partido político, o afectado poderá causar alta automática cando desaparezan esas causas mantendo a antigüidade da primeira afiliación.

Capítulo VI. Inicio e instrución do procedemento disciplinario

Artigo 47. Inicio e instrución.

1. A comisión disciplinaria da executiva nacional é o órgano competente para incoar os expedientes de oficio ou por petición razoada, e poderá incoar un expediente cando se produciran feitos constitutivos de infracción.

2. O acordo de iniciación terá como contido mínimo:

- Identificación da persoa ou persoas responsábeis.
- Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento e a súa cualificación provisional con expresión da norma presuntamente infrinxida.
- O nomeamento de instrutor e, no seu caso, secretario do procedemento.

Dentro do prazo de oito días, o órgano competente notificará (mediante procedemento verificábel) o acordo de iniciación ao presunto responsábel e, no seu caso, ao denunciante.

3. Unha vez designado o instrutor e secretario do expediente disciplinario, poranse en contacto co expedientado trasladándolle o seu nomeamento e informándolle das causas de apertura do expediente.

Nesa notificación farase constar o seu dereito a indicar o medio ou medios de proba dos que o expedientado pretenda valerse na súa defensa, proposta que deberá facer chegar por escrito ao instrutor no prazo de 5 días desde a recepción de dita notificación.

4. O instrutor reservarase o dereito á aceptación dos medios de proba propostos pola persoa expedientada, sen prexuízo da súa impugnación nun ulterior recurso.

5. Os feitos relevantes para o procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba que acorde o instrutor ou que os interesados propoñan para a resolución do expediente.

6. Os interesados poderán propoñer a práctica das probas que consideren necesarias para a resolución do expediente.

7. Á vista das actuacións practicadas, o instrutor propondrá o sobresemento ou formulará o correspondente prego de cargos.

Artigo 48. Do prego de cargos.

1. O prego de cargos será notificado ao interesado para que no prazo de quince días naturais manifieste cantas alegacións considere convenientes en defensa dos seus dereitos.

2. Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, o instrutor elevará a proposta de resolución ao comité disciplinario da executiva nacional para resolver, xunto a todas as actuacións que obren no expediente.

3. O comité disciplinario da executiva nacional poderá reclamar novos informes que considere oportunos e que non figuren no expediente.

4. O comité disciplinario da executiva nacional despois do estudo do expediente e nun prazo máximo de 20 días acordará:

- a) A ratificación da sanción proposta.
- b) A imposición dunha sanción inferior en grao a sanción proposta.
- c) O sobresemento do expediente e o arquivo das actuacións.

Artigo 49. Da tramitación dos expedientes por falta leve.

Nos supostos de faltas leves, o órgano que inicie o expediente poderá acordar que se instrúa polo procedemento abreviado, no que quedarán reducidos á metade os prazos sinalados nos artigos anteriores.

Artigo 50. Da tramitación dos expedientes por expulsión sumaria.

Cando en virtude do disposto no artigo 42 dos presentes estatutos se proceda á expulsión sumaria dun afiliado, o expediente disciplinario previsto nos artigos anteriores comunicárase ao interesado, xunto coa designación de instrutor no prazo de 10 días dende a comunicación da expulsión sumaria.

Artigo 51. Da eficacia das sancións.

A sanción imposta a un afiliado comenza a cumprirse a partir do intre da adopción da resolución ditada no expediente.

Artigo 52. Dos recursos do partido.

1. As resolucións sancionadoras da comisión disciplinaria da executiva nacional poderán recorrerse diante o plenario da executiva nacional no prazo de 15 días naturais dende a notificación, mediante escrito dirixido ao pleno, que deberá resolvelo no prazo máximo de 60 días dende a súa remisión.
2. En ningún caso tal recurso suporá a suspensión da execución da resolución sancionadora.

Título VI. Do réxime económico e administrativo

Artigo 53. Convergencia 21 non dispón de patrimonio fundacional. Os seus recursos económicos proveñen de:

- Os diferentes tipos de cotas ordinarias da militancia. As cotas son fixadas pola executiva nacional.
- As cotas extraordinarias que acorde a executiva nacional para atender gastos extraordinarios.

- Os subsidios, legados e doazóns que legalmente se puideren producir a favor de Convergencia 21.

Artigo 54. A executiva nacional informará anualmente aos afiliados de Convergencia 21 da situación económico-financeira do partido.

A xestión económica de Convergencia 21 guiarase por criterios de transparencia, e faranse públicas as súas contas.

Título VII. Coalición, federación, fusión e disolución

Artigo 55. As coalicións electorais con outras forzas de ámbito nacional, estatal ou europeo serán aprobadas pola executiva nacional por maioría absoluta.

Artigo 56. A federación ou fusión de Convergencia 21 con outra forza política esixirá o voto favorábel de tres quintas partes dos delegados dun congreso extraordinario que sería convocado con tal fin pola executiva nacional.

Artigo 57. A disolución do partido só pode ser acordada en congreso extraordinario co voto favorábel de dous terzos dos delegados. En caso afirmativo, o congreso adoptará as decisións relativas á liquidación de bens, dereitos ou calquera asunto pendente.

Título VIII. Do réxime documental

Artigo 58. Será obrigatorio para cada un dos órganos de Convergencia 21 manter un réxime documental que comprenderá os libros de rexistro de afiliados, de actas, de inventarios e de contabilidade.